



# OS TRABALLADORES NON SOMOS GANDO

Levamos tres semanas nas que, cuns 300 traballadores, o experimento de reinicio da actividade está sendo desastroso:

1) Non hai recursos económicos para garantir a reactivación, e isto redunda en escaseza de epis e nunha hixienización totalmente insuficiente. Ata tal punto que se “suxire” a reutilización das máscaras durante 5 días, o hidroxel desinfectante é escasísimo e as taquillas, duchas (a empresa cuestiona incluso a necesidade de limpapas entre usos) e aseos non se hixienizan axeitadamente. Isto último queren resolvelo xuntando ós traballadores en menos taquillas, no canto de reforzar o servizo de limpeza.

2) A desidia por parte da dirección é escandalosa:

- O protocolo non se cumpre e a dirección tampouco impulsa a súa implantación. Esta responsabilidade recae sobre mandos e traballadores, que fan o que boamente poden.
- A inmensa maioría dos problemas identificados seguen sen resolverse. Unha cousa tan sinxela, pero importante, como a auga segue sen subministrarse tres semanas despois de que o esixísemos.

3) O clasismo da dirección cara ós traballadores, especialmente da IA, é inadmisíbel. Un exemplo: para a reorganización das taquillas xa decidiron que van abrilas e meter o contido das mesmas en bolsas que identificarán e trasladaran ás diferentes empresas auxiliares. No caso dos traballadores da principal están a pensar que facer porque saben que este comportamento pode xerar malestar.

Neste contexto, a dirección decidiu meter ó 50% da plantilla ó longo da vindeira semana. ¿Poden ser máis irresponsables? Claro que poden. A pesar de que tanto a lei como os protocolos internos dan preferencia ó teletraballo fronte ó traballo presencial, a empresa chamou a moitos traballadores que estaban a teletraballar, a outros que poderían teletraballar pero que non o fixeron porque a empresa non lles proporcionou os medios e incluso a traballadores especialmente sensibles (TES).

Para as empresas, principal e auxiliares, nin sequera somos números. Os únicos números que coñecen, os que realmente lles importan, son os dos balances contables. Para eles somos unha masa á que explotar. Se un morre, outro o substitúe, e problema resolto. Se isto pasa nunha empresa pública, ¿que non pasará nas privadas?

Obviamente, sabemos que hai unha presión para que se reinicie toda a actividade, tamén en Navantia. Presión que o goberno, lonxe de combater, está a alentar: prolongando os ERTEs ou calando sobre os beneficios das empresas e sobre a necesidade de nacionalizar a economía.

A CGT en Navantia veu denunciando todo isto no noso boletín, en comunicados e nas reunións coa empresa nas que participamos. Por tanto:

1) Responsabilizamos á dirección de Navantia, os empresarios da IA e a aqueles sindicatos que, por acción ou por omisión, avalen esta reactivación, por non facer nada e permitila.

2) Como demostra a historia do movemento obreiro, a única linguaxe que entenden as empresas é a da loita. **O comité de empresa, que leva desaparecido dende o inicio do confinamento, ten que reunirse esta fin de semana de forma urxente e decidir que vai facer o luns. A PROPOSTA DA CGT É QUE O COMITÉ TEN QUE ESTAR NAS PORTAS PARA CORTAR DE RAÍZ ESTA REACTIVACIÓN QUE NON CONTA COAS GARANTÍAS NECESARIAS.**